

Concello de Viveiro

EXPTE.- 8542/2020

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do sábado, 21 de novembro de 2020 N.º 268, publícase a convocatoria do proceso para a selección de UN ADMINISTRATIVO con carácter temporal, como empregado público para a execución das obras ou prestacións de servizos no Concello de Viveiro, incluídas no programa “Fomento do Emprego 2020” segundo as bases reguladoras do plan provincial único de cooperación cos Concellos 2020.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas que rexerán o proceso selectivo para cubrir, con carácter temporal, mediante a modalidade de funcionario interino, como empregado público para a execución das obras ou prestacións de servizos no concello de Viveiro, incluídas no programa “Fomento do Emprego 2020” segundo as bases reguladoras do Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos 2020.

Visto o escrito de alegacións presentado por dona María Begoña López Gómez (registro de entrada 2020-E-RE-3145), no que solicita a revisión da súa valoración de méritos efectuada no proceso para a selección de UN ADMINISTRATIVO con carácter temporal, como empregado público para a execución das obras ou prestacións de servizos no Concello de Viveiro, incluídas no programa “Fomento do Emprego 2020”.

Visto o escrito de alegacións presentado por dona Lidia Torre Mahía (registro de entrada 2021-E-RE-9), no que solicita motivo de exclusión da lista da bolsa de emprego no proceso para a selección de UN ADMINISTRATIVO con carácter temporal, como empregado público para a execución das obras ou prestacións de servizos no Concello de Viveiro, incluídas no programa “Fomento do Emprego 2020”.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Citar aos membros do Tribunal para o día 09 de febreiro de 2021, ás 9:00 horas, ós efectos de levar a cabo a proposta de resolución das alegacións presentadas polas aspirantes María Begoña López Gómez e Lidia Torre Mahía.

SEGUNDO.- Contra esta resolución os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147





Concello de Viveiro

A Alcaldesa,

María Loureiro García

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do
Real Decreto 128/2018,

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

